

## **RESOLUCIÓN reitoral do 7 de abril de 2026 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión desta universidade no ano 2026 no campus de Pontevedra**

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 16 de febreiro de 2026 mediante a que se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2026, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría,

### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de cursos de Extensión en 2026 no campus de Pontevedra (Anexo).

**Segundo.** Ordenar a publicación desta resolución reitoral no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo.

Pontevedra na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



**ANEXO**

**Cursos extensión 2026 Solicitudes admitidas – Campus Pontevedra**

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Francisco Javier Fernández Abreu	Gravación e produción musical
María A. Lorenzo Rial	Robótica educativa como ferramenta para a transformación de espazos de aprendizaxe en ciencias
Miriam Cartagena Sánchez	Tinte, pegmento e tintura sobre papel reciclado
María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes	Moldes e reprodución
José Ángel Zabala Mate	Transferencia a soportes cerámicos
Xaime Fandiño Penas	Intelixencia Artificial e profesións creativas: crítica, prácticas e futuros posibles

**Cursos extensión 2026- Solicitudes excluídas Campus Pontevedra**

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto	Motivo exclusión
Iria Vázquez López	Profesionalización e sustentabilidade no ámbito artístico (III)	Anexos sen cubrir

